

## CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE PRÓRROGAS AO PRAZO DE PRESENTACIÓN DA TESE DE DOUTORAMENTO

(Documento aprobado pola CAPD o 17 de outubro de 2022)

O Regulamento de Estudos de Doutoramento da Universidade de Vigo no seu Artigo 6 establece como competencia da Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD) *“autorizar, de ser o caso, as prórrogas na duración dos estudos de doutoramento e a concesión de baixas temporais”*.

A mesma normativa no seu Artigo 26 di o seguinte: *“Se a solicitude do depósito da tese de doutoramento non se presenta despois de transcorrer o prazo establecido, a CAPD podería autorizar a súa prórroga, logo da solicitude do doutorando/a. A prórroga sería dun ano nos estudos de doutoramento a tempo completo e de dous anos nos estudos de doutoramento a tempo parcial. De forma excepcional, podería ampliarse este prazo en ambos os casos noutro ano adicional, para o cal deberá acreditarse a viabilidade de rematar a tese neste prazo. A autorización das citadas prórrogas farase de forma motivada e de acordo coa normativa da universidade.”*

Dado que a autorización dunha prórroga do prazo de presentación da tese non é automática tras a súa petición, senón que debe ser motivada e, no caso dunha excepcional segunda ampliación do prazo debe de *“acreditarse a viabilidade de rematar a tese nese prazo”*, a CAPD decidiu establecer os seguintes criterios e condicións para a autorización de prórrogas solicitadas polo estudantado do Programa:

- A solicitude de prórroga deberá ser motivada, indicando claramente as causas polas que a tese non puido ou non pode ser presentada en prazo.
- Calquera solicitude deberá contar co informe razoado positivo da dirección e/ou tutorización da persoa solicitante.
- A solicitude acompañarase dunha memoria do traballo de investigación desenvolvido ata ese momento.
- Deberá presentarse un novo Plan de Investigación adaptado ao posible novo prazo de presentación de tese. Este novo Plan de Investigación debe de contar co informe positivo da tutorización e/ou dirección de tese e, no caso de solicitar a ampliación dunha prórroga xa concedida, coa súa acreditación da viabilidade para rematar a tese no novo prazo solicitado.
- Non se autorizarán en ningún caso prórrogas de estudantes que tivesen unha avaliación negativa no último curso.
- Para autorizar a prórroga valorarase o ter realizadas e superadas as actividades obrigatorias, en particular as correspondentes presentacións públicas dos resultados de investigación.
- Así mesmo, valoraranse as outras actividades desenvolvidas que figuren no expediente da persoa solicitante.